



O paxaro descoñecido


Unha nai gorrión tivo moitos gorríons. Pero ao naceren, estrañouse porque un deles era un paxaro carpinteiro.

Ao cabo duns anos, os gorríons medraron, especialmente o paxaro carpinteiro, porque tiña un pico enorme. Ríanse todos do seu pico.

Un día, a súa nai foi atrapar miñocas. Entón veu unha aguia ao niño e queríaos comer, pero o paxaro carpinteiro co seu pico fixo un burato na pola e todos os gorríons se meteron dentro.

Ao final os paxariños comprenderon que non lle tiñan que facer a burla porque lles salvara a vida.

SARA GARRIDO GULÍAS. 3ªB



As viaxes de Hidra

Hidra era unha pinga de auga que vivía no mar e quería viaxar.

Un día Hidra díxolle ao sol:

- Señor Sol, pode facer que faga máis calor?

- Si, claro, como non. Respondeulle o Sol.

E como queataba moito, Hidra evaporouse e foi dar a unha nube.

Uns días despois, comezou a facer un pouco de frío e púxose a chover e hidra foi dar de novo ao seu mar. Entón dixo:

- Ooooh! Que viaxe máis curta, quero viaxar máis.

Esperou ate que o sol volveu a queantar con forza para evaporarse de novo e buscar unha nube moi alta. Pero o inverno chegou e co frío Hidra caeu esta vez en forma de neve nunha montaña. Ao derreterse naceu un novo regato que levou a Hidra ao mar.

Esta viaxe gustoulle un pouco máis pero aínda lle faltaba o mellor. Tivo que esperar un pouco pero chegou o día en que volveu a evaporarse, e esta vez foi parar a unha nube da que tamén caeu, pero no camiño atopou moitísimo frío e converteuse en xeo, volvendo a caer ao mar. Esta vez Hidra dixo:

- Uf, que cansa estou! Voume deitar nas ondas do mar para que me dean unha boa masaxe. Xa estou farta de tanta viaxe.

YERAY. 3ªA

Mariquitiña. Un soño horripilante.

Había unha vez unha rapaza chamada Mariquitiña. Era guapa, intelixente e moi curiosa.

Un día foi cos seus pais e irmáns ao monte. Ao chegar buscaron un sitio axeitado para facer xantar. Mariquitiña estaba moi feliz, encantábanlle porque así despois podía ir en busca de aventuras, explorar e cazar insectos.

Cando atoparon o lugar axeitado puxéronse a preparalo todo. Mariquitiña comeu o máis rápido posíbel para así poder marchar. Foise metendo máis e máis no bosque e atopou un lugar cheo de árbores, flores, animais e máis cousas. Como era tan curiosa, empezou a perseguir a todo bicho vivinte. Era precioso pero de súpeto empezou a escurecer e todo aquilo tan bonito comezou a volverse feo e horripilante. Tiña moito medo. As árbores comezaron a rir, os coellos perseguían como se quixesen cazala, os bufos peteiraban, os insectos facían ruidos estraños, as flores movíanse e tentaban atrapala. Entón comezou a chover e facía moito frío e ela refuxiouse nunha cova, quedando durmida. De súpeto comezou a escoitar:

- Mariquitiña, esperta, esperta. Dicialle o seu pai.

- Que pasou contestou.

- Quedaches durmida mentres comías. Díxolle a nai.

Todo fora un soño. Recolleron e marcharon.

MARINA ALFONSIN. 6ªC

Por qué podemos estar xuntas?

Inés. Penso que Alicia e mais eu podemos estar xuntas na clase pois:

- Entendémonos moi ben e cando haxa que facer cousas en equipo farémolas estupendamente.

- Ao estar xuntas, non imos estar tan pendentes unha da outra. Entón atendemos moito máis.

- Os exercicios van estar perfecto e á hora. Prometémosche que non imos falar.

Isto vai beneficiar a todos:

- A ti, porque imos facer todo moi ben.
- A nós, porque imos estar moi contentas ; e non sei Alicia, pero a min cando estou leda, todo me sae ben

MARTA DOVAL BAO. 6ªA

O cacto cuchipanda

Había unha vez un cacto que se chamaba cuchipanda, que vivía no deserto dun bonito país oriental.

A pesares da beleza en que vivía non era feliz, pois non quería ser cacto senón unha árbore froiteira.

Un día falando cos seus amigos cactos, comentoulle o seu desexo. Os outros ríronse del, pois todos sabían que non podían ter froitos.

Durante semanas tentouno con auga e abono, loitou moito mentres os outros seguían a rirse.

Cando chegou a primavera mirou cara abaixo e viu que tiña froitos con pinchos arredor do seu tronco.

Os outros cactos quedaron coa boca aberta. Aprenderon unha valiosa lección. Se

loitas polas cousas que queres, acabas conseguindoas.



ANTÍA SUÁREZ SUÁREZ. 3ªB